



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

Juan Luis González Iglesias, secretario xeral do Concello de **Oleiros** (A Coruña).-

C E R T I F I C O:

Que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 23 de xuño de 2026, adoptouse o acordo seguinte:

“Punto 3.- Concesión de subvención, por razón de interese social, ao Club Atlético San Pedro para organización do Torneo de Fútbol Concello de Oleiros ano 2026

Da orde da presidencia expón o asunto a 5ª Tte. de alcalde, Dª **Teresa Vázquez**, concelleira delegada de deportes, turismo, formación, emprego e promoción económica, dando conta da súa proposta de 16 de xuño de 2026 e os informes favorables que a acompañan e que se transcribe:

“I.- Exposición de motivos

A planificación do deporte municipal en Oleiros ten o seu eixo vertebrador en dúas liñas de actuación que podemos considerar como base na que se fundamenta a política deportiva local. Por unha parte o desenvolvemento de programas propios de actividades físicas e deportivas e por outra parte a xestión de instalacións deportivas que dan soporte ás estruturas dos clubs deportivos. Ambas son unha garantía para consolidar os eidos da formación deportiva, a saúde e a competición tanto a nivel federado como popular.

Sen embargo, existe unha terceira vía que forma parte tamén dos sistemas deportivos no eido local e que son as actuacións que se promoven desde a iniciativa do propio tecido asociativo, fundamentalmente clubs deportivos.

Neste eido, desde hai moitos anos, vense organizando un Torneo Municipal de Fútbol, no cal participan todos os clubs de fútbol modesto do concello.

A organización deste torneo a realiza cada ano un dos clubs de fútbol locais, seguindo unha orde pre-establecida mediante sorteo realizado o 12 de xuño do 2013, e incorporando novos clubs no ano 2022. A orde resultante foi a seguinte:

Ano 2013.- S.C.D.R Dorneda.

Ano 2014.- Unión Campestre de Montrove

Ano 2015.- Club Atlético San Pedro

Ano 2016.- Obrero de Oleiros.

Ano 2017.- Club Atlético Perillo.

Ano 2018.- Club Hércules de San Pedro.

Ano 2019.- Club Marino de Mera.

Ano 2020.- C. F. Sta. Cruz. (por mor do COVID, adiouse a 2022).

Ano 2023.- Agrupación Deportiva Cristo Rey

Ano 2024.- Club Mercurio de Iñas

No ano 2025 iniciouse unha nova volta dos clubs, organizándose este pasado ano o CLUB XUVENTUDE DORNEDA, correspondéndolle no ano 2026 ao Unión Campestre F.C.

Non obstante, por mor das obras de adecuación do campo de fútbol no que disputa os seus encontros, o Unión Campestre F.C. non pode organizar este evento deportivo, polo cal a organización corresponderá ao seguinte club na lista, que é o Club Atlético San Pedro.

Nos últimos anos vense concedendo unha subvención ao club organizador por parte do Concello, para o cal se prevé no orzamento municipal unha subvención nominativa, que no Orzamento de 2026 ascendía a 17.750,00 € a favor o club Unión Campestre F.C.





CONCELLO DE
OLEIROS

Porén, á vista das circunstancias devanditas, e ao modificarse o beneficiario previsto, procede conceder unha subvención directa ao club organizador, en troques da nominativa prevista no orzamento.

II.- Antecedentes

1.- En data 11/06/2026, o **Club Atlético San Pedro** presenta solicitude con rexistro de entrada 2026012957 de que se lle conceda unha subvención por importe de **16.050,00 €** para os custes de organización do Torneo.

O desglose dos gastos é o seguinte:

- ✓ Premios a repartir entre equipos participantes:
 - 9.400 € no Torneo masculino.
 - 5.150 € no Torneo feminino.
- ✓ Gastos de arbitraje e outros gastos necesarios para a realización do torneo: 1.500,00 €.

2.- Xunto coa solicitude, achega unha declaración responsable de non estar incurso en incompatibilidades, atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade Social, e de cumprir o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.

3.- Á vista do cal, esta concellería emitiu unha providencia en data 12/06/2026 ordenando a incoación dun procedemento de subvención directa ao Club Atlético San Pedro por importe de 16.050,00 €.

4.- O Técnico Municipal de Deportes emitiu a súa proposta en data 12/06/2026, que foi informada favorable pola intervención municipal en data 16/06/2026.

III.-Fundamentos

1º.- Circunstancias que xustifican as condicións excepcionais para a concesión da subvención:

a) Interese deportivo.- Trátase dun torneo de pretemporada no que participan todos os equipos de Oleiros antes de empezar a Liga, polo cal é fundamental tanto para os clubs como para os deportistas individuais.

b) Interés social.- debido ao arraigo social do fútbol en todas as parroquias do concello, este Torneo ten un grande seguemento por parte do vecindario, tanto practicantes como meros espectadores, que desfrutan do espectáculo que supón cada un dos encontros disputados.

c) Singularidades da organización: A organización deste Torneo ten algunhas peculiaridades que fan necesario que a mesma teña que ser asumida por un Club de fútbol, e non directamente polo Concello, e son as seguintes:

- A Federación Galega de Fútbol só tramita as respectivas autorizacións para celebrar o torneo, se as solicitudes proceden dos seus asociados – clubs de fútbol - e por este motivo non tramitaría unha solicitude procedente do concello de Oleiros.

Dita autorización é imprescindible para que esta Federación autorice ao Comité Galego de Árbitros a acudir aos partidos programados no torneo, co conseguinte nomeamento, do equipo árbitros colexiados asignados para a arbitraje de todos os encontros do torneo.

- Por outra banda, unha das exixencias deste Comité é que se lle abone a cada árbitro o importe das arbitaxes antes da celebración dos encontros, polo que o sistema máis operativo é que o propio club organizador se faga cargo directamente deste abono.

Estes son os motivos de que os clubs de fútbol participantes no Torneo se fagan cargo – en alternancia - da organización do mesmo, segundo a orde preestablecida sinalada anteriormente, sendo o beneficiario único da subvención o club ao que corresponde a organización cada ano.

2º.- Xunto coa solicitude, a entidade solicitante aportou unha declaración responsable do Presidente referida aos seguintes aspectos:

- ✓ Que a entidade non está incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade.
- ✓ Que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como co Concello de Oleiros, e que autoriza ao Concello para solicitar de oficio as consultas necesarias a estas Administracións.





CONCELLO DE
OLEIROS

✓ Que todo o persoal que por conta da entidade imparte, realiza ou colabora nas actividades que figuran na solicitude de subvención que impliquen contacto habitual con menores cumpre o requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil.

3º.- Incorporáronse ao expediente informes da TGSS, da AEAT e da Recadación Municipal, relativos a que dita entidade está ao corrente nas súas obrigas.

Con base nos antecedentes e fundamentos sinalados, **PROPONSE á Xunta de Goberno Local:**

Primeiro.- Conceder ao CLUB ATLÉTICO SAN PEDRO, con CIF G15262058, unha subvención directa por interés social de 16.050,00 euros en concepto de axuda ao desenvolvemento do Torneo Municipal de Fútbol Concello de Oleiros no ano 2026.

Segundo.- Autorizar e dispoñer un gasto de 16.050,00 euros para a finalidade sinalada.

Terceiro.- As condicións desta subvención son as seguintes:

1. Importe: 16.050,00 euros, segundo o seguinte desglose:

a) Premios aos equipos participantes: 14.550,00€ distribuídos segundo a normativa do torneo do seguinte xeito:

- Finalistas: levará cada equipo un premio de 1.300 €.
- Resto dos equipos participantes: percibirán un premio de 850 € cada un.

(Este ano está confirmada a participación de 10 equipos na categoría masculina e 5 equipos na feminina).

b) Pagos das arbitaxes dos partidos e outros gastos necesarios para a realización do torneo: 1.500,00 euros €.

2. Aplicación orzamentaria: 81.341.48901. “Deportes. Prom. e fom. Out. Tr. ent. s/f lucro”.

3. Compatibilidade: Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. O importe da axuda non poderá exceder de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.

4. Pagamento: Efectuarase o pagamento anticipado do 100% da subvención concedida.

O pago anticipado realízase para que o club organizador poda facer fronte aos pagamentos adiantados ou inmediatos que se requiran ao longo do torneo.

5. Obrigas da entidade subvencionada:

a) Promover a creación dunha comisión coordinadora do torneo, formada por un membro de cada club, e na que o propio **Club Atlético San Pedro** ocupará a presidencia. A comisión terá a seguinte función: Establecer o calendario de competición do torneo, así como a resolución de posibles trocos de datas que se pudieran solicitar durante o mesmo, tanto da categoría masculina como feminina.

b) Facer fronte aos gastos de arbitaxe de todos os partidos do torneo.

c) Xestionar coa federación galega de fútbol os correspondentes permisos e trámites administrativos precisos para o funcionamento do torneo.

d) Aboar aos clubs participantes as cantidades correspondentes ao premio que cada club terá por ter participado no torneo, e que son as que se establecen no regulamento do torneo. Este pagamento efectuarase do seguinte xeito:

- un primeiro pago aos clubs, da cantidade de 850 euros a cada un dos equipos participantes, a cada un dos participantes, con data límite de 15 días despois de que remate o Torneo.
- un segundo pago aos dous clubs finalistas polo importe da diferenza entre o percibido e o que lles corresponda percibir segundo o Regulamento do Torneo.





CONCELLO DE
OLEIROS

e) Publicidade: Facer constar na totalidade da publicidade que realice da actividade subvencionada, por calquera medio, que a mesma conta con subvención do Concello de Oleiros, sinalando o importe e o concepto. A estes efectos, deberá publicitar nas súas redes sociais e/ou páxina web a concesión da subvención, concepto e importe no momento que o coñezan. Asemade, deberá incluír nos elementos sinalizadores na propia realización da proba (carteis, banners, carpas, etc) o logo do Concello de Oleiros.

f) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos.

g) Presentar a conta xustificativa no prazo e do xeito que sinala no parágrafo seguinte.

6. Xustificación:

a) O prazo de xustificación das axudas será de UN MES contado a partir da data en que se dispute o último partido.

b) A conta xustificativa constará dos seguintes documentos:

✓ Informe da clasificación final do torneo.

✓ Declaración responsable do Presidente de que os fondos percibidos foron destinados ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e de que o importe da axuda non excede de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.

✓ Declaración doutras axudas concedidas por outras entidades públicas ou privadas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

✓ Acreditación da publicidade feita.- enlace á web e/ou redes sociais onde conste a publicidade e fotografías do evento onde se vexan os elementos publicitarios esixidos.

✓ Facturas orixinais ou copias compulsadas xustificativas dos gastos realizados (arbitraxes e taxas federación) e o xustificante de telos aboadado.

✓ Recibos orixinais ou copias compulsadas xustificativas do pagamento dos premios aos clubs participantes no evento, mediante os que se acredite o uso dos fondos concedidos. Nos recibos deberán constar os seguintes datos: datos completos do pagador (nome, enderezo e CIF), datos completos do perceptor do premio (ídem), importe pagado, concepto (premio en función do posto acadado na clasificación do Torneo), lugar, data e sinatura.

✓ Declaración acreditativa de que o persoal ao que corresponda a realización da actividade cumpre o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.

Cuarto.- O réxime de concesión, xestión, xustificación, control financeiro, infraccións e sancións desta subvención axustarase ao regulado na normativa estatal e autonómica sobre subvencións públicas, así como o regulado ao respecto nas bases de execución do orzamento."

Votación (aprobado por unanimidade dos e das asistentes a esta sesión)

"Primeiro.- Conceder ao CLUB ATLÉTICO SAN PEDRO, con CIF G15262058, unha subvención directa por interés social de 16.050,00 euros en concepto de axuda ao desenvolvemento do Torneo Municipal de Fútbol Concello de Oleiros no ano 2026.

Segundo.- Autorizar e dispoñer un gasto de 16.050,00 euros para a finalidade sinalada.

Terceiro.- As condicións desta subvención son as seguintes:

1.- Importe: 16.050,00 euros, segundo o seguinte desglose:

a) Premios aos equipos participantes: 14.550,00€ distribuídos segundo a normativa do torneo do seguinte xeito:

- Finalistas: levará cada equipo un premio de 1.300 €.
- Resto dos equipos participantes: percibirán un premio de 850 € cada un.





CONCELLO DE OLEIROS

(Este ano está confirmada a participación de 10 equipos na categoría masculina e 5 equipos na feminina).

b) Pagos das arbitaxes dos partidos e outros gastos necesarios para a realización do torneo: 1.500,00 euros €.

2.- Aplicación orzamentaria: 81.341.48901. “Deportes. Prom. e fom. Out. Tr. ent. s/f lucro”.

3.- Compatibilidade: Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. O importe da axuda non poderá exceder de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.

4.- Pagamento: Efectuarase o pagamento anticipado do 100% da subvención concedida.

O pago anticipado realízase para que o club organizador poda facer fronte aos pagamentos adiantados ou inmediatos que se requiran ao longo do torneo.

5.- Obrigas da entidade subvencionada:

a) Promover a creación dunha comisión coordinadora do torneo, formada por un membro de cada club, e na que o propio **Club Atlético San Pedro** ocupará a presidencia. A comisión terá a seguinte función: Establecer o calendario de competición do torneo, así como a resolución de posibles trocos de datas que se poderan solicitar durante o mesmo, tanto da categoría masculina como feminina.

b) Facer fronte aos gastos de arbitaxe de todos os partidos do torneo.

c) Xestionar coa federación galega de fútbol os correspondentes permisos e trámites administrativos precisos para o funcionamento do torneo.

d) Aboar aos clubs participantes as cantidades correspondentes ao premio que cada club terá por ter participado no torneo, e que son as que se establecen no regulamento do torneo. Este pagamento efectuarase do seguinte xeito:

- un primeiro pago aos clubs, da cantidade de 850 euros a cada un dos equipos participantes, a cada un dos participantes, con data límite de 15 días despois de que remate o Torneo.

- un segundo pago aos dous clubs finalistas polo importe da diferenza entre o percibido e o que lles corresponda percibir segundo o Regulamento do Torneo.

e) Publicidade: Facer constar na totalidade da publicidade que realice da actividade subvencionada, por calquera medio, que a mesma conta con subvención do Concello de Oleiros, sinalando o importe e o concepto. A estes efectos, deberá publicitar nas súas redes sociais e/ou páxina web a concesión da subvención, concepto e importe no momento que o coñezan. Asemade, deberá incluír nos elementos sinalizadores na propia realización da proba (carteis, banners, carpas, etc) o logo do Concello de Oleiros.

f) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos.

g) Presentar a conta xustificativa no prazo e do xeito que sinala no parágrafo seguinte.

6.- Xustificación:

a. O prazo de xustificación das axudas será de UN MES contado a partir da data en que se dispute o último partido.

b. A conta xustificativa constará dos seguintes documentos:

i. Informe da clasificación final do torneo.

ii. Declaración responsable do Presidente de que os fondos percibidos foron destinados ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e de que o importe da axuda non excede de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.

iii. Declaración doutras axudas concedidas por outras entidades públicas ou privadas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

iv. Acreditación da publicidade feita.- enlace á web e/ou redes sociais onde conste a publicidade e fotografías do evento onde se vexan os elementos publicitarios esixidos.





CONCELLO DE
OLEIROS

v. Facturas orixinais ou copias compulsadas xustificativas dos gastos realizados (arbitraxes e taxas federación) e o xustificante de telos aboados.

vi. Recibos orixinais ou copias compulsadas xustificativas do pagamento dos premios aos clubs participantes no evento, mediante os que se acredite o uso dos fondos concedidos. Nos recibos deberán constar os seguintes datos: datos completos do pagador (nome, enderezo e CIF), datos completos do perceptor do premio (ídem), importe pagado, concepto (premio en función do posto acadado na clasificación do Torneo), lugar, data e sinatura.

vii. Declaración acreditativa de que o persoal ao que corresponda a realización da actividade cumpre o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.

Cuarto.- O réxime de concesión, xestión, xustificación, control financeiro, infraccións e sancións desta subvención axustarase ao regulado na normativa estatal e autonómica sobre subvencións públicas, así como o regulado ao respecto nas bases de execución do orzamento."

E para que conste expido este certificado de conformidade co que dispón o artigo 204 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do alcalde e coa advertencia á que fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, asinado dixitalmente polo alcalde e por min, secretario xeral, na data que figura na súa sinatura.-

